



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Telefonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: nomeamento de 5 peóns de obra para o Programa de Integración Laboral (PEL 2018)

Visto o proceso de selección incoado para a selección dunha cuadrilla de limpeza (4 peóns de limpeza viaria a xornada parcial) e dunha cuadrilla de obras (5 peóns a xornada parcial) ao abeiro do *Programa de Integración Laboral da Deputación Provincial de A Coruña mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes, anualidade 2018* publicado no BOP núm. 94 do 21/05/2018.

Visto o decreto 441/2018 con data do 21/08/2018 polo que se aproba a lista definitiva de admitidos e excluídos para a cuadrilla de obras composta por 5 peóns, con unha duración de 4 meses a xornada parcial (25h/semana) e onde se fixa a data da proba práctica.

Vistas as actas nº1 e nº2 do tribunal de selección da cuadrilla de obras dos días 22/08/2018 e 23/08/2018 respectivamente, que inclúen a valoración de fase de concurso e a de oposición e a valoración total dos candidatos, así como a proposta de adxudicacións das prazas e clasificación por orde decrecente das mesmas, e en virtude da competencia que me atribúe o artigo 21.1.g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local,
RESOLVO:

Primeiro: nomear como PEÓNS DE OBRA para a a **cuadrilla de obras do Programa de Integración Laboral da Deputación da Coruña (PEI 2018)** aos seguintes aspirantes:

- 1.Andrade Souto José
- 2.Romero García Antonio
- 3.Cambón Bello Evaristo
- 4.Pérez Blanco José
- 5.Alvarellos Pailos Alfonso

Segundo: outorgar un prazo de 3 días hábiles a contar dende a publicación desta resolución de nomeamento para que os adxudicatarios presenten a documentación necesaria conforme ao establecido na cláusula oitava das bases de selección para a súa posterior formalización do contrato laboral.

Terceiro: publicar este acordo no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na páxina web municipal, de conformidade co previsto nas bases de selección.

Cuarto: dar conta da presente resolución ó Pleno da corporación na vindeira sesión que se celebre e dar traslado á intervención e a tesoureiría municipal.

En Cabana de Bergantiños, documento asinado dixitalmente segundo se indica na banda lateral.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Cabana de Bergantiños <https://sede.concello-cabana.es> co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)